

VIAXE DE VERÁN

PR®

XULLO-AGOSTO

Xoves 25- Domingo 4



17:00 C.S.C. Fontiñas

35 máx.

810 €

Imprescindible licenza federativa internacional (modalidade C) non valerá seguro privado
Exclusivamente socios propios ou de clubs con convenio

Viaxe aos Alpes Julianos (Eslovenia)

O Club Deportivo Fontiñas está a programar para o **verán do ano 2019** unha viaxe do 25 de xullo ao 4 de agosto, aos **Alpes Julianos en Eslovenia**, primeiro país que se independizou de Iugoslavia, e actualmente un dos maiores atractivos turísticos das antigas repúblicas. Prolongación dos Alpes cara ás montañas Dináricas, é un macizo montañoso situado entre Italia, Austria e Eslovenia, que se levanta como unha extensión calcaria cara ao sueste da cordilleira alpina. Gran parte deles están recollidos no Parque Nacional esloveno do *Triglav*, nome do seu cume máis emblemático con 2.864 m

QUÉ IMOS VER:

Val do Soca: O belo río *Soca* nace no parque nacional de *Triglav*. Durante miles de anos a auga discorreu, desde as nevadas cimas dos Alpes Julianos traballando os estreitos vales, ata crear desfiladeiros por onde corre sempre rápido. Hai días que as súas augas son tan claras e brillantes que a súa cor esmeralda fai dano aos ollos.



Lagos de Fusine : Adentrándonos en Italia visitaremos estes dous preciosos lagos alpinos. Rodeados por pintorescos carreiros, tamén dispoñen do seu particular banco coas mellores vistas do mundo, neste caso ao pico de *Mala Forca*.



Serra de Kanin: Coñecida pola súa estación de esquí, situada sobre a localidade de *Bovec* a máis de 2000m de altitude, con impresionantes vistas desde os Alpes Julianos ata o mar Adriático.



Parque Nacional de Triglav: O inmenso parque nacional de *Triglav*, preto da fronteira con Italia e Austria, é o único en Eslovenia, pero un dos máis antigos creados en Europa. Abarca practicamente todos os Alpes Julianos en territorio esloveno, e reúne puntos de gran atractivo natural, histórico e faunístico.



Picos Ciprnik (1746m) y Vogel (1922m): Subiremos estes populares picos alpinos, o primeiro ao oeste da zona de veraneo de *Kranjska Gora*, co val glaciar de *Planica* aos nosos pés, e o segundo desde o lago *Bohinjsko*.



Liubliana y Toulouse: Teremos un día para visitar a pequena e coqueta capital de Eslovenia, e no camiño de volta pararemos un día en *Toulouse*, impresionante capital da *Occitania*, repleta dun rico patrimonio artístico.



PROGRAMA DA VIAXE:

NOTA: O programa de rutas non é definitivo, e, dependendo da climatoloxía e outros condicionantes, poderase modificar en beneficio do grupo e da súa seguridade.

Xoves 25 Xullo: 17:00h Saída desde C.S.C. Fontiñas de Santiago de Compostela, 18:00h en A Coruña. Etapa nocturna en *bus 1950 km*

Venres 26 Xullo: Atravesando Francia e Italia, chegada ao aeroporto de Bérgamo ás 18:50h para recoller pasaxeiros do avión. Tras unha breve espera por se hai un pequeno atraso continuaremos a viaxe en *bus 450 km-5h*. Cea libre en ruta e chegada a Bovec a medianoite.

Sábado 27 Xullo: Ruta de sendeirismo en Serra de Kanin. Cea e aloxamento en Bovec *bus 10km-30min*

Domingo 28 Xullo: Ruta de sendeirismo en Val do Soca. Cea e aloxamento en Bovec *bus 30 km-1h*

Lúns 29 Xullo: Almorzo e saída en bus cara a Kransjka Gora. Ruta de sendeirismo nos lagos de Fusine. Cea e aloxamento en Kranj, cuarta cidade máis grande de Eslovenia *bus 100km-1h 45min*

Martes 30 Xullo: Empezamos a nosa ruta de ascensión ao monte Ciprnik en telecadeira. Cea e aloxamento en Kranj *bus 50 km-1h 30min*

Mércores 31 Xullo: Empezamos a nosa ruta en telecadeira aos lagos do Triglav e fervenza de Savica. Cea e aloxamento en Kranj

Xoves 1 Agosto: Despedímonos do noso hotel en Kranj, empezando con telecadeira a ascensión e travesía ao monte Vogel. Pola tarde desprazamento en bus a Liubliana. Cea libre e aloxamento no hotel.

Venres 2 Agosto: Almorzo e mañá libre en Liubliana para pasear polo seu Barrio Vello, o mercado e o seu centro histórico. 18:00h emprendemos a viaxe de regreso. Cea libre en ruta e etapa nocturna en bus.

Sábado 3 Agosto: Despois de cruzar a fronteira entre Francia e Italia e percorrer a costa azul, chegada a Toulouse ás 15:00h Tarde libre para visitar a capital Occitania. Cea libre e aloxamento no hotel.

Domingo 4 Agosto: 7:00h Almorzo e viaxe de regreso con paradas en ruta. Chegada ás 20:00h a Coruña e 21:00h a Santiago *1000 km-13h*

Prazos de pre-inscrición, inscrición e pago: Está aberto un prazo de pre-inscrición ata o **31 de Xaneiro**, realizándose un pago por adiantado de 50 € para a reserva. En caso de cubrirse as prazas dispoñibles na devandita data, pecharase a lista de admisións. En caso contrario, seguirá o prazo de inscrición ata o **27 de Xuño**, data límite ata a que se poderá dar de baixa por escrito (por e-mail ou presencialmente) recuperando o sinal e pago entregados. A partir de dita data, o sinal non se recuperará en ningún caso, e o resto das cantidades dependerá dos pagos adiantados que xa fosen realizados polo club aos hoteis e empresa de transporte, e a posibilidade de recuperalos ou non.

O resto do pago realizarase en dous prazos:

1º prazo de 380 € ata o **31 de Marzo**

2º prazo de 380 € ata o **27 de Xuño**

O prezo inclúe:

- Autobús viaxe + excursións mencionadas no programa
- Seguro de viaxe internacional
- 3 noites de aloxamento con 2 ceas e 3 almorzos no HOTEL ALP**** de Bovec
- 3 noites aloxamento a media pensión no HOTEL CREINA*** de Kranj situado no centro da cidade
- 1 noite de aloxamento e almuerzo no HOTEL PARK*** de Liubiana situado no centro da cidade
- 1 noite de aloxamento e almuerzo no HOTEL IBIS CENTER*** de Toulouse
- Habitacións dobres e taxa estancia aloxamento turista
- Guía de montaña con titulación oficial e acreditación UIMLA + seguro de responsabilidade civil

Hoteis:

- <http://hotel-alp-bovec.com/en/>
- <https://hotelcreina.si/>
- <https://www.hotelpark.si/en/>
- <https://www.accorhotels.com/es/hotel-1429-ibis-toulouse-centre/index.shtml>

NOTAS:

- Bebidas tales como cervexas, viño... non incluídas no prezo, debéndose abonar en efectivo.
- Os prezos dos telecadeiras, así como doutras entradas a enclaves turísticos que desexemos visitar, non están incluídos na viaxe, correndo por parte do interesado.
- Suplemento cuarto individual 8 noites **170 €**

Opción de voo: (O prezo corre por conta do que opte polo avión e non lle exime do pago do total)

Pódese levar a equipaxe no autobús para evitar o custo de facturación. No caso dun pronunciado atraso terían que ir pola súa conta ata Bovec. Na volta, os desprazamentos aos aeroportos van por conta do socio.

COMPañÍA: Ryanair Venres-26 Xullo 16:25-18:50 Santiago-Bérgamo